

PLAN MADRUGA "OS/AS PRIMEIROS/AS DO COLE"

CURSO 2023 – 2024

Dende a Concellaría de Educación do Concello de Cambados volverá a poñerse en marcha, un ano máis, o Plan Madruga "Os/as primeiros/as do cole" neste curso 2023 - 2024. Este programa vai dirixido a aquelas familias que debido ás súas obrigas teñen dificultades para poder deixar aos seus fillos e fillas á hora de entrada no colexio.

O Plan Madruga "Os/as primeiros/as do cole" iníciarase en setembro co comezo do curso escolar e desenvolverase durante todo o curso lectivo. Realizarase en colaboración coas direccións de cada centro educativo no que se acade un mínimo de 10 nen@s. O horario de inicio será dende as 7:45 horas ata o comezo das clases. Durante este tempo, os monitores recibirán aos nen@s e realizarán actividades e xogos. A utilización deste servizo terá un **CUSTO TOTAL** para o/a usuario/a de **40 € CORRESPONDENTES A TODO O CURSO ESCOLAR (DE SETEMBRO A XUÑO) OU PROPORCIONALMENTE AOS MESES POLOS CALES SOLICITA O SERVIZO; PROCEDÉNDOSE A EFECTUAR O CARGO DO IMPORTE NA CONTA BANCARIA DO/A SOLICITANTE.**

Para acollerse a esta actividade será condición indispensable cubrir unha solicitude que está a disposición de todas as familias interesadas na Biblioteca Municipal "Luís Rei". O prazo de presentación de ditas solicitudes será do **MARTES 2 DE MAIO AO VENRES 16 DE XUÑO**, e realizarase atendendo ás seguintes indicacións:

- **A/s persoa/s interesada/s deberá/n facilitar CERTIFICADO DE NÚMERO DE CONTA BANCARIA onde se lle efectuará o cargo do importe correspondente a todo o curso escolar (40'00 € de setembro a xuño); ou proporcionalmente aos meses polos cales solicita o servizo.**
- A continuación **E PREVIA CITA** presentarase coa solicitude cuberta e a documentación requirida, na **BIBLIOTECA MUNICIPAL "LUIS REI"**. O horario de atención ao público será de luns a venres de **15:30 a 19:30 horas. (ÚLTIMA CITA DO DÍA).**

De entre a documentación que se solicita destaca un certificado de empresa que acredite a necesidade de facer uso deste servizo, aínda que tamén se poderán atender, de non cubrirse as prazas, aquelas peticións puntuais nas que as circunstancias familiares así o esixan, como ter persoas maiores ao cargo, ou atencións médicas continuadas, debendo achegar igualmente a xustificación correspondente.

Unha vez rematado o período de solicitude, deberán agardar ata a publicación da resolución das solicitudes admitidas e presentadas no seu momento. Darase prioridade a aquelas familias, nas que traballen os dous proxenitores e precisen deixar aos seus fillos/as todo o curso escolar dende as 7:45 e ata o comezo das clases.





(Para maior información achégase copia da solicitude do servizo do Plan Madruga)

SOLICITUDE DO SERVIZO PLAN MADRUGA "OS/AS PRIMEIROS/AS DO COLE"

Nome e apelidos do nen@:.....

Curso: Colexio:

Nome e apelidos do pai/nai/titor@:

Dirección: Telfs:

Razón pola que solicita o servizo e horario dende o que deixará no colexio o nen@:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

TODO O CURSO

MESES (INDICAR CALES)

> No caso de ser admitido, desexo domiciliar o pagamento do servizo de setembro a xuño na Oficina de Recadación do Concello de Cambados coa conta bancaria da que son titular e achego fotocopia.

A cubrir pola Administración Local

Solicitude: admitida denegada

Motivo (s) da denegación:

.....



Documentación de **OBRIGADA APORTACIÓN** xunto con esta solicitude:

- > **Fotocopia do D.N.I. do pai, da nai, do titor@ legal e do/a nen@. NO CASO DE QUE QUE O/A NEN@ CAREZA DE D.N.I. DEBERASE APORTAR FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA.**
- > **NO CASO DE FAMILIAS MONOPARENTAIS OU DE QUE O/A NEN@ ESTEA CONVIVINDO CUN SÓ DOS PROXENITORES OU CO TITOR LEGAL SERÁ PRECISO APORTAR UN VOLANTE DE CONVIVENCIA.**
- > **Certificado de empresa, entidade ou organismo que acredite a ocupación laboral, TANTO DO PAI COMA DA NAI, é incompatible co horario de apertura do colexio.**
- > **Fotocopia do número de conta bancaria no que desexa domiciliar o pago (se é o caso).**
- > **De ser necesario o servizo por motivos de saúde, circunstancias familiares ou atencións médicas continuadas aportarase documentación xustificativa.**
- > **AQUELA/S FAMILIA/S QUE POR CALQUERA CAUSA, MOTIVO OU CIRCUNSTANCIA DESEXAXE/N PRESCINDIR DO SERVIZO DO "PLAN MADRUGA" AO LONGO DO CURSO LECTIVO, DEBERÁN COMUNICALO E SOLICITALO POR ESCRITO PRESENTANDO A CORRESPONDENTE INSTANCIA NO REXISTRO DO CONCELLO.**

IMPORTANTE: AQUELA/S SOLICITUDE/S QUE NON APORTE/N TODA A DOCUMENTACIÓN REQUERIDA NO MOMENTO DE PRESENTALA/S NA BIBLIOTECA MUNICIPAL NON SE LLES DARÁ REXISTRO DE ENTRADA E POLO TANTO NON SENDO ADMITIDAS.

Damos a nosa autorización para que os datos que figuran no presente formulario poidan ser incorporados a un ficheiro do que é titular o Concello de Cambados, e poidan se utilizados con fins estatísticos, reservándonos a posibilidade de exercitar os nosos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, segundo o establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Asdo.:

En Cambados, a de de 2023

